



**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SÉTIMO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URXENTE DO SERVIZO DE MONITORAXE NA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES.-**

A Xunta de Goberno Local, o 4 de decembro de 2014 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación polo procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do servizo de monitoraxe na rede de comedores escolares do Concello de Ames.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o contrato de Xestión do Servizo Público denominado “Ciclo integral da auga”.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Adxudicar o servizo de *Monitoraxe na Rede de Comedores Escolares do Concello de Ames* á empresa **A Billarda**, con CIF nº 27278845 nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta económica do antedito licitador ascende ao seguinte prezo:

- Prezo hora/monitor: 13,90 € + IVE (10%)
- Prezo hora/coordinador: 13,00 + IVE (10%)
- Prezo hora/limpeza: 8,50 € + IVE (10%)

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**B. Duración do contrato:** O contrato terá unha duración máxima de execución de **un ano e medio**, comezando o día 1 de xaneiro do 2015, podendo prorrogarse expresamente por outro ano mais ata un máximo de **dous anos e medio** finalizando o servizo ao remate do curso escolar 2016/2017, (incluído período inicial e prorrogas).

**C.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares, nos pregos de prescricións técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada, así como co Regulamento da Rede Municipal de Comedores Escolares do Concello de Ames, (BOP nº 134 do 14 de xullo de 2014), e normativa vixente que lle sexa de aplicación.

**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, don Santiago V. Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a doce de decembro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro